

Sr. ALCALDE
CONCELLO DE FERROL

Asunto: Cemiterio municipal de Catabois

O 28/07/23 recíbese correo electrónico, remitido a instancias do concelleiro de Medio Ambiente, Zona Rural, Servizos e Obras dese Concello, mediante o que se achega informe elaborado pola empresa Proyfe relativo ó risco de contaminación de captacións de auga para abastecemento derivado da execución das obras incluídas no proxecto "ampliación do cemiterio municipal de Catabois, fase I".

Vista a dita documentación, INFÓRMOO do seguinte:

- O 21/03/22 tivo entrada nesta Xefatura Territorial oficio dese Concello, do 17/03/22, solicitando a emisión do informe previsto no artigo 28.2.h do Decreto 151/2014, de Sanidade Mortuoria de Galicia, en relación coa ampliación do cemiterio municipal de Catabois.
- O 25/03/22 remitiuse a ese Concello informe desfavorable respecto do proxecto de ampliación. Así mesmo, sinalóuselle que:
 - dada a súa condición de instrutor do expediente de ampliación e o carácter preceptivo e non vinculante do informe, se a documentación que posteriormente recabase e/ou as actuacións que, no seu caso, levase a cabo ese Concello acreditasen a resolución das non conformidades reflectidas no informe, este último tería carácter favorable.
 - en calquera caso, esta Xefatura Territorial non emitiría ningún novo informe ó respecto.

Polo anterior, esta Administración reitérase nas consideracións expostas nos dous últimos parágrafos, contidas no informe remitido con data do 25/03/22.

A Coruña, na data da sinatura dixital

A xefa territorial

Cristina Pérez Fernández